



UN SITIO PARA OS GRAVADOS DA PEDRA DE CURRAIS (SALCEDO, A POBRA DO BROLLÓN, LUGO). UNHA PROPOSTA DE CONSTEXTUALIZACIÓN E ADSCRICIÓN CRONOCULTURAL

Manuel Santos-Estévez (INCIPIIT, CSIC), Xurxo M. Ayán Vila (IHC, NOVA) e Anxo Rodríguez Paz (INCIPIIT, CSIC)

Introdución

No curso académico 1994-1995, no primeiro ano da licenciatura de Historia, na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela, o profesor José Manuel Vázquez Varela impartía a materia *Fundamentos da Etnoloxía*. Este recoñecido etnoarqueólogo adornaba as súas clases con graciosas anécdotas do seu traballo de campo, cando era novo, na serra dos Ancares. Na Semana Santa do revolucionario ano de 1968, aquel estudante formou parte dunha expedición *higiénico-antropológica* que se inspiraba directamente nas experiencias previas republicanas en España e nas campañas no rural da Revolución cubana (Gurriarán, 2008, pp. 300-301; Ayán, 2012, pp. 275-276). Esa estadía deu comezo a unha investigación máis intensiva na cal Vázquez Varela realizou *inquéritos* sobre a adaptación ao medio das comunidades montesías, na liña da Etnoarqueoloxía procesual anglosaxoa (Vázquez, 1970). Á parte das súas vivencias no interior das pallozas, aínda en uso, o profesor fixo un comentario rápido sobre un problemático gravado que se atopaba alí, no Cebreiro, e que el consideraba prehistórico, se ben con cautela. Seica a peza misteriosa viñera de Salcedo, no concello da Pobra do Brollón (sur de Lugo) (fig. 1).

A curiosidade levou un de nós (X.A.V.), oriúndo desa zona, a revisar o *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, onde, efectivamente, aparecía unha fotografía en branco e negro do relevo, encaixado nun muro de cachotaría. No pé da figura, lese o seguinte texto: *CEBREIRO: Bajo relieve de la Edad del Bronce, hallado en 1952* (Valiña et al. 1975, lám. 72).

A problemática contextualización e adscripción cronocultural da peza, así como o seu traslado de Salcedo ao Cebreiro, foron factores clave para non ter incluído este relevo no traballo academicamente dirixido sobre o poboamento da Idade de Ferro e a romanización no territorio da actual Pobra do Brollón (Ayán, 1997). Tiveron que pasar vinte anos para toparnos de novo con esta misteriosa pedra. En 2017 fun convidado pola Asociación de Veciños de Salcedo a dar o pregón no Entroido, Carnaval protagonizado nesa parroquia polo afamado Oso, monstro que sae o luns de Entroido e cobre de cinza facianas e corpos. No meu texto, titulado *Un oso de película*, lembrei o caso da pedra do Cebreiro (Ayán, 2017). Parte da veciñanza ficou abraida porque descoñecía o que fora dela, tras a súa compra por parte do cura do Cebreiro, Elías Valiña Sampedro (1929-1989). Pola nosa banda, puidemos coñecer do bico da xente unha primeira versión sobre o achado. Seica en 1951 uns canteiros estaban a reformar a casa de Currais en Salcedo e a pedra aparecera boca abaixo, facendo parte dun paramento. Anos despois chegou

UN SITIO PARA OS GRAVADOS DA PEDRA DE CURRAIS (SALCEDO, A POBRA DO BROLLÓN, LUGO). UNHA PROPOSTA DE CONSTEXTUALIZACIÓN E ADSCRICIÓN CRONOCULTURAL

o crego e mercouna para levala canda si a unha das pallozas do Cebreiro, en plena recuperación da ruta xacobea e no proceso de construción dunha escenografía arquitectónica ou pastiche propio dunha *aldea prerromana*. O relevo exhibíase dentro da palloza-mesón Xiraldo de Aurillac (fig. 1).



Fig. 1. Imaxe da pedra de Currais no Cebreiro (Valiña et al. 1975, lám. 72).

No ano 2024 o noso equipo foi reclamado pola Comunidade de Montes de Salcedo para comezar o proxecto de recuperación e posta en valor do xacemento coñecido como A Roda do Castro. Na primeira fase¹ dos traballos, levamos a cabo o control arqueolóxico da limpeza biótica do sitio e unha prospección xeofísica do seu interior (Ayán, 2025). Porén, a nosa investigación foi máis alá, e incluímos un estudo específico sobre o relevo de Currais, dentro da colaboración mantida co Instituto de Ciencias do Patrimonio do CSIC. Os resultados deste estudo foron presentados en primicia á Comunidade de Montes de Salcedo nun acto de divulgación o 28 de marzo de 2025. Xa que logo, presentamos agora en *CROA* a publicación científica dese traballo.

Salcedo: marco xeográfico e contexto arqueolóxico

A parroquia de San Xoán de Salcedo esténdese por unha penechira que serve de transición entre os contrafortes montesíos nororientais e o canón do río Lor (fig. 2). A bocarribeira dá paso a un territorio de abrupto relevo, con profundos ríos e regueiros encaixados e un gran desnivel desde os cumios dos límites co Courel (1.200 m) e o nivel de base do río Sil a 220 m. Os ríos Sil e Lor son os dous eixes principais de artellamento do territorio, ata o punto de que na época altomedieval se diferenciaban dúas bisbarras: Carioca (val de Quiroga) e Laure (o Lor). Como sinala L. F. López (2021, p. 138):

En las zonas de ladera, constituidas por plataformas estructurales situadas en una zona intermedia, inmediatamente por encima de la ruptura de pendiente que origina los encajamientos de los valles, es donde se concentra la población actual, y en la que también se distribuía la población castreña, debido a que es el territorio más apto para el hábitat.

Desde o punto de vista xeomorfolóxico, os procesos erosivos deron lugar a vales na cabeceira do Lor e ao transporte de sedimento á bacía de Quiroga, con achegas de depósitos ricos en ouro, o que vai explicar a intensiva minaría no período romano. O substrato rochoso predominante está formado por xistos e lousas. Tradicionalmente, esta zona dedicouse ao cultivo extensivo de centeo. Coa emigración e o declive demográfico, a explotación agraria decaeu, dando paso sobre todo a lameiros e sobre todo á repoboación forestal de piñeiros.

¹ Proxecto arqueolóxico *Control da roza e prospección xeofísica de A Roda do Castro (A Pobra do Brollón, Lugo)*, autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o 12 de xaneiro de 2025. Exp. S. Arqueoloxía: SA-2025-0012.AQX.




Fig. 2. Localización de San Xoán de Salcedo (A Pobra do Brollón, Lugo).

Tanto Salcedo como A Pobra do Brollón ficaron moito tempo á marxe da investigación arqueolóxica. As prospeccións desenvolvidas polo Seminario de Estudos Galegos nesta comarca de Lemos na preguerra ou non foron publicadas (xeira de 1926) ou se centraron na microrrexión do Saviñao e na estrema setentrional do concello de Monforte de Lemos (López Cuevillas e Fraguas, 1955). A área da Pobra do Brollón quedou excluída da investigación etnoarqueolóxica galeguista ata fins da década de 1960, cando a sección de Arqueoloxía do Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento comezou un estudo dos restos prehistóricos e romanos localizados no concello lindeiro do Incio (Acuña e García, 1968; González, 1971). Estas campañas de campo chegaron a incluír parroquias do norte do concello da Pobra do Brollón, como Óutara, onde se documentou un exemplo de escultura protohistórica, bastante dubidosa (Calo, 1994).

Haberá que agardar á década de 1960 para que Salcedo centre o interese de eruditos e científicos, por partida dobre. En primeiro lugar, vai chegar á parroquia o antedito padre Elías Valiña Sampedro, onde menciona o castro de Domiz e A Roda do Castro como xacementos arqueolóxicos. A fins da década de 1970, un amplo equipo arqueolóxico dirixido polo catedrático Luzón

Nogué desenvolveu un ambicioso traballo de campo para estudar, nun inicio, a posible existencia de vestixios de minaría prehistórica no Courel (Luzón *et al.* 1980; Alonso, 1983). Finalmente, o que descubriron foi un complexo sistema mineiro de extracción de ouro por parte do Imperio romano ao longo de todo o val do Lor desde a súa desembocadura no Sil ata o seu nacemento. Na bacía baixa do río, o equipo documentou unha mancha de explotacións auríferas en xacementos secundarios, como O Medo en Barxa de Lor e unha serie de asentamentos fortificados, tal o castro da Lama (Barxa de Lor) ou A Roda do Castro en Salcedo (Luzón *et al.*, 1980, p. 76).

Na década de 1990, o investigador vencellado á Universidade Complutense Luís Francisco López González levou a cabo a súa memoria de licenciatura sobre a paisaxe mineira romana no val de Quiroga e Courel (López, 1993). Este arqueólogo formouse na escola de F. J. Sánchez-Palencia e M.^a D. Fernández-Posse, e catalogou todos os elementos senlleiros vencellados ao modelo de explotación do territorio tras a conquista romana. De feito, xa formando parte da empresa de arqueoloxía Terra Arqueos, S.L., foi un dos encargados de realizar o catálogo arqueolóxico do concello da Pobra do Brollón en 1997. Será na súa monumental tese de doutoramento onde A Roda do Castro cobre certo protagonismo como exemplo de aplicación da análise espacial e a fotointerpretación á Arqueoloxía da Paisaxe (López, 2021, p. 66, fig. 27; 281, fig. 142, pp. 459-67). O autor considera, cremos que acertadamente, que o sitio é un poboado fortificado da Idade de Ferro (tipoloxía A, C1, de acordo coa súa nomenclatura), anterior ao ciclo do ouro romano no val do Lor e no territorio actual da Pobra do Brollón.

O castro volvería ser noticia de actualidade no ano 2021 por mor do enorme incendio que, procedente de Ribas de Sil, chegou a calcinar toda esta paraxe (Gago, 2021). No ano seguinte tivo lugar outro enorme lume, desta volta procedente do Courel, que levou mesmo á evacuación da parroquia de Salcedo.

Ao nordeste da Roda do Castro, na aba súpeta que cae ao río Lor, sitúase outro sitio arqueolóxico coñecido como Penas do Castelo. Desde o ano 2021 a empresa Árbore Arqueoloxía leva facendo traballos de escavación e de consolidación. De acordo coas novas de prensa, os directores da intervención consideran que é dos castros máis antigos de Galicia, xa que contan cunha datación de C-14 do sedimento sobre o que se

ergue a muralla. Lamentablemente, non dispoñemos aínda de ningunha publicación científica e cómpre sinalar que esa interpretación presenta problemas para a comunidade investigadora especializada na arquitectura protohistórica. A morfoloxía do sitio, os escasos materiais (nada diagnósticos), o nulo espazo con potencial habitable, a existencia dun foxo dúplice e unha entrada en clavícula son aspectos que o afastan moito dun poboado fortificado da Idade de Ferro. Non semella moi lóxico que Penas do Castelo presente esta arquitectura monumental e que ao mesmo tempo (século IX cal a.C.), a escasos km, teñamos un recinto fortificado sinxelo como o de Vilarello (Cereixa, A Pobra do Brollón, Lugo) (Paulos e Ayán, 2024). A localización e a morfoloxía son moi semellantes ás que coñecemos doutros recintos nas áreas mineiras romanas (Álvarez, 1995-6; Sánchez-Palencia *et al.*, 2002). De feito, todos os investigadores que prestaron atención a este sitio² definen como atalaia ou fortín de época romana ou medieval (López, 2021). Sexa como for, debemos agardar ás datacións dun elemento moble carbonizado vencellado á porta de entrada (Gago, 2023) para que os seus escavadores poidan fundamentar rigorosamente esa cronoloxía tan temperá.

En todo caso, este é o contexto arqueolóxico da parroquia de Salcedo, marcado pola presenza de tres recintos fortificados dos que, quizais, puido proceder a misteriosa pedra de Currais: Penas do Castelo, A Roda do Castro ou a Roda de Domiz (fig. 3).



Fig. 3. Localización dos recintos fortificados da Roda do Castro (á esquerda) e de Penas do Castelo (á dereita).

² Debate mantido nas xornadas de divulgación arqueolóxica “O Monte Cido. A Serra do Courel no tempo de Roma” (4-5 de abril de 2025, estación científica de Seoane, Folgoso do Courel), organizadas polo CCHS do CSIC.

A pedra de Currais: historia de vida

Agora podemos reconstruír con bastante detalle o periplo vital desta pedra gravada, grazas, en primeiro lugar, á veciñanza que xa en 2017 fornecera datos senlleiros ao respecto e, en segundo lugar, ao traballo etnográfico realizado dentro do proxecto “Penas do Castelo. Arqueoloxía de Aldea”. Na páxina de Facebook³ do proxecto recóllese en vídeo o testemuño do descubridor da pedra de Currais, O Cuco de Salcedo, que transcribimos deseguido:

E un bon día dixo o meu pai —xa empezaran os canteiros a traballar— vai esborrallando esa parede que eu voulle levando terra aos canteiros alí abaixo e tal, e, bueno, púxenme a esborrallar a parede e, nun momento, pois deille a volta a unha pedra das grandes que había, e era esa célebre pedra que estaba aí, non rompeu porque Dios non quixo, pero eu tireina porque estaba cos debuxos para abaixo, facía os dous fíos da parede, e estaba cos debuxos para abaixo, e eu pensei que era unha pedra calquera cando fun tirala, e revolveuse ao tirala, e vin os debuxos, xa a baixaron, e foi unha novedá no pueblo e todo o mundo a veu ver. E esa é a primeira historia da pedra. Esa pedra despois aí estivo, aí parada hasta que os canteiros subiron á casa onde eles lle pareceu que debía ser exposta a pedra e despois púxerona aí aproximadamente á altura, un pouco máis arriba do balcón, aí estivo exposta hasta a década dos 60. Eu marchei a Francia no 64, e un ano que viñen de vacaciós dixerónme que venderan a pedra; realmente non era do meu gusto, non porque eu entendera nada de Arqueología nin desas cousas, o que pasa é que sentía a curiosidá de que o recorrido que podía ter esta pedra cando a viron xente experta e isto xa pasou, e alá está, a miña familia tiña unha pena polo home que lle pagou, según Eliseo que sempre oía falar de 2.000 pesetas, foi o precio que pagaron por ela, pero a miña mai, sobre todo, sabía que estafara o cura, considerábase unha vítima e isto é o que eu vos podó contar do que sei da pedra.

³ <https://www.facebook.com/penasdocastelo/videos/813109653302837>

Este testemuño de primeira man deixa ben ás claras que a pedra foi reutilizada como cachote para a construción dunha vivenda, con anterioridade ao século XX. O emprego de material lítico antigo por parte dos canteiros foi unha práctica común na Galiza rural. Neste senso, lémbra-nos o caso dun exemplo que coñecemos ben, como o do relevo da Idade de Ferro de Formigueiros (Chaos de Amoeiro, Ourense), usado como pedra de altar na ermida do lugar, tamén cos gravados por baixo (Castro e Estévez, 2003; Arizaga *et al.*, 2006). Se adoptamos unha lóxica funcionalista en que prima a minimización de custos e a captación dos recursos líticos máis próximos, podemos pensar nun lugar de orixe non moi afastado do núcleo de poboación de Salcedo. A este respecto, contamos co testemuño do veciño Javier Castro Camino⁴:

Eu xa lle sentira a meu pai que os pasos todos das casas vellas de Salcedo, os chanzos das escaleiras e dos patíns viñan do pé das Penas do Castelo, que lle chamaban A Pena dos Pasos.

As ruínas esboralladas dos sitios arqueolóxicos abandonados serviron sempre de canteira natural para as comunidades labregas. Tal acontece na explotación aurífera dos Medos, na parroquia veciña de Santa María de Saa, onde as pedras das murais foron utilizadas en estradas e na construción do Cuartel da Garda Civil, ou no castro coñecido como A Cerca dos Mouros, na serra da Salgueiriña, parroquia de San Xoán de Abrence, que subministrou pedra para o arranxo de camiños. En todo caso, esta é unha mera hipótese. Por outra parte, ningún especialista puido ver a pedra orixinal, para tentar certificar a súa fasquía xeolóxica e identificar posibles canteiras potenciais na contorna.

Segundo Antonio González *O Cuco*, a pedra foi descuberta en 1951 e permaneceu exposta na parede da casa⁵ ata comezos dos anos 60, cando o padre Elías Valiña Sampedro visitou a localidade, probablemente para a toma de datos en campo para elaborar o *Inventario artístico de Lugo y su provincia*. No intre de escribirmos estas páxinas, está a percorrer Galicia un

documental⁶ sobre a figura deste padre que fomentou o Camiño de Santiago, potenciou o santuario do Cebreiro e tivo moita man na promoción turística do tardofranquismo. Malia o ton panexírico deste tipo de producións, e o papel crucial que xogou certamente na consolidación do Camiño Francés (Armas, 2010), a figura de Valiña ten unha zona escura no tocante á mala praxe que demostrou á hora de facerse con elementos senlleiros do patrimonio histórico-artístico. E a pedra de Currais, como a Virxe e o Cristo do Cebreiro, foi unha vítima máis deste espolio. Para coñecer o que aconteceu co relevo de Salcedo tras a súa chegada ao Cebreiro, debemos acudir a Xabier Moure⁷, erudito afeccionado que leva reclamando aclaracións sobre a localización da pedra orixinal desde hai anos, sen éxito (Albo, 2015). Grazas ás súas investigacións⁸, hoxe fican claras tres cousas: a) que non está catalogada pola DXPC; b) que a pedra orixinal segue en mans da familia de Valiña Sampedro, e c) que no seu día se estendera un bulo polo cal o relevo fora mercado por un potentado, uns dicían que de Barcelona, outros, que de Sevilla.

Ao chegar ao Cebreiro, a pedra foi colocada, primeiro no lintel e, despois, na cara interna da palloza-mesón⁹, que é onde foi retratada para o *Inventario artístico de Lugo y su provincia*. Con posterioridade, a súa imaxe protagonizaba postais turísticas á venda dentro do propio establecemento (Albo, 2025) (fig. 4). Tras o peche da palloza-mesón e a morte de Valiña, a peza orixinal está en paradiro descoñecido, se ben todos os datos dispoñibles hoxe en día apuntan, como dixemos, a que forma parte do “patrimonio” familiar. Durante anos, desde fins dos anos 60, o mesón Xirald de Aurillac era o único hotel que daba cama e comida no Cebreiro. No seu interior conviviron dúas pezas icónicas deste

espolio e depredación do territorio no tardofranquismo: por unha banda, a pedra de Currais e, por outra banda, unha furna de cristal dentro da que se conservaba, disecada, a derradeira pita do monte dos Ancares¹⁰, especie desaparecida pola caza a esgalla levada a cabo polos prebostes do réxime.



Fig. 4. Postal á venda no Cebreiro (imaxe cedida por Xabier Moure).

Descrición da peza

Descoñécese o tipo de pedra da peza de Currais por non ter acceso directo a ela. En todo caso, trátase dunha peza pétreo plana de entre 0,40 ou 0,50 cm de longo por 0,20 ou 0,25 cm de largo. A vulgar polas fotografías conservadas, semella que a pedra non sufriu roturas salientables e que foi conservada de forma íntegra, polo menos ata que foron feitas as últimas fotografías coñecidas sobre a década dos 90 do século XX (fig. 5).



Fig. 5. Molde en escaiola, feito directamente do orixinal. Imaxe Xabier Moure.

Toda a peza está ocupada por insculpturas. Á parte da data realizada en 1952, identifícanse tres técnicas de gravado. A maior parte das figuras están definidas mediante a súa delimitación con sucros profundos e anchos: os cuadrúpedos, o perfil dos antropomorfos e dúas figuras alongadas situadas á altura das cabezas dos xinetes. A segunda técnica é a incisión, aplicada nas tres espadas, a roda que aparece sobre o corpo dun dos xinetes e unha figura cuadrangular situada á dereita da composición. Por último, as caras dos dous personaxes, é dicir, o nariz e os ollos, foron realizadas en relevo.

O instrumento utilizado para realizar os gravados é moi posible que fose metálico, probablemente ferro. A vulgar polo aspecto dos sucros, é posible que os gravados fosen realizados por incisión, rascando a superficie da pedra, aínda que non se desbota o posible uso puntual de percusión indirecta, seguido de alisado da superficie. O resultado final lembra traballos realizados en madeira, é dicir, podería tratarse dunha transposición técnica levada a cabo por alguén afeito a traballar coa madeira, circunstancia quizais propiciada polo aspecto de táboa que ofrece a pedra.

⁴ Entrevista realizada na Pobra do Brollón o 29 de marzo de 2025.

⁵ Foi en 1952, un ano seguinte, cando se gravou a data na pedra, coa casa xa arraxada.

⁶ Elías Valiña. O inventor das frechas amarelas. Director: Aser Álvarez. Arraianos Producción. Edición especial de homenaxe polo seu 25 cabodano.

⁷ Xabier Moure leva anos facendo un traballo fantástico de teledetección de sitios arqueolóxicos inéditos, que comunica debidamente á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia e comparte xenerosamente coa comunidade científica. Por exemplo, foi el quen localizou o círculo de Vilarello (Cereixa, A Pobra do Brollón, Lugo), onde realizamos escavacións en 2023 e 2024 (Paulos e Ayán, 2024).

⁸ Comunicación persoal de Xabier Moure, 3 de abril de 2025.

⁹ Mercedes Vázquez Saavedra lembra ver a pedra ao carón da porta de entrada ao comedor do mesón. Pola súa vez, Xabier Moure tamén confirma este punto, se ben afirma que estaba colgada e exenta. Fío de comentarios á entrada do 1 de abril de 2025 na páxina de Facebook de Xurxo Ayán Vila.

¹⁰ Testemuño de Xosé Prado Arias. Comentario á entrada do 22 de febreiro de 2025 na páxina de Facebook de Xurxo Ayán Vila.

As figuras representadas

As figuras principais da composición están conformadas por dous personaxes a cabalo, onde as pernas foron omitidas, cos brazos estendidos e as mans abertas. A pesar do esquematismo da representación, a zona do rostro aparece rebaixada, ambas caras están formadas por un nariz recto e rectangular e por un par de ollos hemisféricos e sen indicación da boca. Ademais dos dous cabalos montados, aparece un terceiro cuadrúpede á esquerda da composición, de menor tamaño cuxa especie resulta máis problemática. Respecto a esta última figura, na zona onde debería estar a cola, obsérvase o que podería ser o arranque dela e que, ao contrario do que acontece cos cabalos, semella curvarse cara arriba; esta forma de representar o rabo podería seguir unha convención adoptada frecuentemente para a representación dos cans en gravados prehistóricos.

Tamén se observan tres representacións de espadas, unha en cada un dos corpos dos cabalos e unha terceira situada entre o posible can e o xinete da esquerda. As tres espadas presentan un perfil idéntico e un tamaño moi semellante. Trátase de representacións moi simplificadas, polo que non é doada a identificación precisa do tipo de espada. Presentan un pomo ou remate da empuñadura semicircular, unha garda en V e unha folla longa con gumes converxentes.

Á esquerda e dereita da cabeza do personaxe central, aparecen dúas figuras alongadas, configuradas por unha liña inferior recta e unha superior tamén recta, mais cunha lixeira curvatura convexa que definen unha figura de difícil interpretación.

Sobre o torso do personaxe da dereita, obsérvase una roda de 8 raios e, á dereita desta figura, xa no extremo da composición, aparece unha figura en aspa inscrita nun rectángulo.

Sobre a cronoloxía da pedra de Currais

A dificultade á hora de situar cronoloxicamente a pedra de Currais é consecuencia de dúas circunstancias, as condicións en que foi recollida, fóra do seu contexto orixinal e a falta dun estilo ou tradición estética identificable.

O problema derivado da primeira circunstancia podería ser solucionable no caso de atopar un obxecto arqueolóxico semellante no seu contexto orixinal nun sitio arqueolóxico próximo á aldea de Salcedo. Respecto á segunda, tendo en conta que non existen representacións gráficas que, en canto a estilo, garden certa semellanza con estes gravados, a solución podería vir da análise da iconografía da lousa e da comparación con outros obxectos con representacións semellantes.

Nas seguintes liñas pretendemos propoñer unha posible cronoloxía para os gravados da lousa de Currais baseándonos na presenza de dous elementos: as escenas de monta e as espadas. Así mesmo, tamén consideraremos outros dous aspectos que, aínda que non fundamentais, si son importantes á hora do seu encastramento cronolóxico: un deles de carácter estético, relacionado coa forma de execución das caras dos personaxes e outro contextual, relacionado coa existencia doutras lousas con gravados semellantes conservados no seu contexto arqueolóxico orixinal.

Sobre as escenas de monta a cabalo

Non existen evidencias sobre o costume de montar a cabalo, así como o uso de rendas ata o século IX a. C. Concretamente, é na cultura asiria cando aparecen as primeiras evidencias sobre a práctica da equitación e, polo tanto, o uso desta técnica na guerra, xa que é a partir deste século cando a arte da monta se desenvolve o suficiente como para permitir certa velocidade e o uso simultáneo das rendas e as armas (Drews, 2004); quizais a primeira evidencia clara da existencia da equitación estea nos relevos do palacio de Assurnasirpal II en Nimrud (Iraq). Neste mesmo sentido maniféstanse Anthony e Brown (2007) cando sosteñen que a *cavalry* non se documenta antes do 1000 a. C. Do mesmo parecer son Guilaine e Zammit (2002, p. 231), cando sosteñen a inexistencia de evidencias de xinetes ata o I milenio a. C. Diversas investigacións sobre este tema apuntan nunha mesma dirección, polo que debemos considerar que é a partir dos inicios do primeiro milenio a. C. cando a práctica da equitación pasa a Europa, polo que cabería esperar que a monta a cabalo non se introducise na parte máis occidental de Europa con anterioridade á mencionada data. Un dato significativo é que, ata o momento, non foron documentadas en Europa representacións de monta a cabalo anteriores aos inicios da Idade de Ferro, mentres que, a partir

deste momento, as escenas de xinetes se multiplican e pasan a constituír un dos elementos máis característicos da iconografía deste período, atinxindo deste xeito unha gran relevancia desde o punto de vista social e simbólico (Almagro e Torres 1999, pp. 78-87). Este mesmo fenómeno é observado tamén na arte rupestre europea, onde a presenza de xinetes a cabalo se converte nunha das temáticas máis destacadas nos petróglifos da Idade de Ferro (Royo, 2005; 2009; Santos, 2015; Pereira *et al.*, 2022).

Sobre as espadas

A forma das espadas representadas pode ser relevante con certas limitacións. En principio, o seu perfil desbota unha posible cronoloxía medieval. Unha das características das espadas medievais e de épocas posteriores é a forma da garda en cruz. Co paso do tempo, a espada medieval e, por tanto, a garda cruciforme convertéronse na imaxe paradigmática deste tipo de arma. A partir da Idade Media, tamén son coñecidas outro tipo de gardas, como por exemplo as que presentan esta cruceta en forma de gancho simétrico e curvado cara á folla ou asimétricas coa curvatura respectivamente cara á empuñadura e cara á folla, e máis posteriores son as gardas en cesta ou envolventes; en todo caso, ningunha das tipoloxías mencionadas se corresponde coa representada na pedra de Currais. Podemos concluír que a forma de representar a garda nesta pedra reduce considerablemente as posibilidades de que os gravados puidesen ter sido realizados na Idade Media ou en períodos posteriores.

Tampouco poderíamos identificar estas espadas como romanas tipo *gladius*, cuxos gumes son rectos e paralelos e teñen unha garda transversal curta. Igualmente, cabería descartar a *spatha* romana, con fíos tamén paralelos.

Por tanto, debemos buscar paralelismos en espadas doutros períodos en que presenten unha empuñadura cun pomo circular, unha garda en V e con gumes rectos e converxentes. Emporiso, debido á ausencia de detalles no gravado, non é posible identificar o tipo exacto de espada representada e debemos levar a cabo unha aproximación máis xenérica.

Os paralelismos máis doados de identificar estarían naqueles en que as armas fosen representadas mediante a mesma técnica, é dicir, gravados sobre pedra. Deste xeito, podemos observar semellanzas con algunhas espadas presentes nas estelas de guerreiro do Bronce Final, como por exemplo as de El Carpio (Córdoba), Las Pimientas en Capilla (Badajoz) ou Castrelo do Val (Ourense), exemplos que gardan certas semellanzas, aínda que a súa identificación non é totalmente clara. Se buscamos paralelismos nas espadas da Idade de Ferro, atopamos que a maioría destas son os característicos puñais e espadas de antenas que, evidentemente, non parecen gardar relación coas gravadas na lousa; non obstante, existen espadas deste período que poderían ter un perfil semellante, como por exemplo a espada do Tossal de los Regallos (Huesca) datada en 650-500 a. C., a do Palmarón (Huelva), datada en 600-550 a. C., ou a de La Solivella (Castelló) do s. VI a. C. (Farnié e Quesada 2005, pp. 96-103). Este tipo de espada, aínda que non foi documentado no noroeste da Península Ibérica, ten empuñadura de lingüeta con remate en botón, a defensa leva gardas que abrazan a folla, a cal presenta gumes paralelos e moi suavemente converxentes; a lonxitude total é de arredor de medio metro (fig. 6). Ata o presente este tipo de espadas unicamente foron documentadas en Cataluña, norte de Valencia, Navarra e oeste de Andalucía. En todo caso, o seu perfil sería compatible co que presentan as espadas da pedra de Currais, aínda que, como ocorre coas representacións das estelas de guerreiro do suroeste, a súa identificación tampouco é clara.




Fig. 6. De esquerda á dereita: espadas das estelas do Bronce Final do Carpio (Martínez, 2008), Las Pimientas (Mora, 2014) e espada da Idade de Ferro de Solivella (Farnié e Sanz, 2005).

Por outra banda, no noroeste da Península Ibérica e dentro da Idade de Ferro, podemos comparar as espadas gravadas con outras representacións en pedra deste período. Referímonos ás espadas das esculturas de guerreiro de Santa Comba de Basto (Cabeceiras de Basto, Braga) e o de Armea (Allariz, Ourense). En ambos os casos, as figuras sosteñen unha espada tamén de gumes converxentes, aínda que o pomo é difícil de definir.

Á vista dos modelos de espada mencionados, non parece doado atopar paralelismos ás espadas gravadas na pedra de Currais. Posiblemente non se trate de ningún tipo concreto de arma, senón dunha imaxe xenérica produto da experiencia visual do gravador. A ausencia de características formais propias das espadas romanas ou posteriores apuntaría a un modelo de espada anterior, sendo o máis probable que pertenza á Idade de Ferro se temos en conta a presenza da monta a cabalo.

Sobre as caras dos personaxes

Un aspecto que chama a atención sobre a técnica de gravado empregada é o diferente tratamento que recibiron os rostros dos dous personaxes. Mentres os animais, as espadas e os corpos dos xinetes apenas aparecen perfilados por un suco de maior ou menor fondura, os ollos e o nariz dos rostros humanos aparecen en relevo. Resulta evidente que as caras humanas deberon de merecer unha especial atención dentro dun conxunto tan esquematizado.

Os rostros dos xinetes unicamente presentan ollos e nariz, mentres que o resto dos elementos da cabeza foron omitidos, como por exemplo a boca. Para a realización das caras, practicouse un lixeiro rebaxe para permitir, deste xeito, que os ollos e o nariz aparezan en falso relevo. Concretamente, os ollos foron labrados con coidado para darlles unha forma hemisférica, mentres que o nariz aparece recto e plano. Esta forma de representar os rostros humanos, con ollos en relevo, un nariz robusto e unha boca ausente ou moi simplificada é unha forma moi común na escultura da Idade de Ferro do ámbito cultural galaico e mesmo extensible a outras áreas xeográficas do ámbito céltico (fig. 7). Algúns exemplos desta forma de representar o rostro humano témolo nunha escultura dun bifronte en Amo-

rín (Tomiño)¹¹, o bifronte e o busto feminino de Mos e varias procedentes do castro de San Cibrán de Las (San Amaro e Punxín), varias cabezas de Armea (Allariz) e, aínda que máis elaborada, presenta as mesmas características básicas a cabeza do guerreiro de Rubiás (Bande), o guerreiro de Sanfins (Paços de Ferreira) e mesmo poderíamos citar certas semellanzas con esculturas da Galia como a de Paule (Côtes-d'Armor), a cabeza de Mšecké Žehrovice de Bohemia (Chequia) ou a estatua de Gauberg (Alemaña).



Fig. 7. Esculturas de San Cibrán de Las, Amorín e Armea.

O gravados en pedras exentas da Idade de Ferro

No ámbito xeográfico do noroeste da Península Ibérica foron documentadas numerosas pedras exentas con gravados con iconografías semellantes ás da pedra de Currais que, xeralmente, son localizadas en asentamentos da Idade de Ferro. Dentro deste tipo de achados, podemos mencionar os seguintes: castro de Formigueiros en Samos (Meijide *et al.*, 2009), en Trastos-Montes os sitios de Crestelos (Silva *et al.*, 2016), Castelinho (Santos *et al.*, 2012; Neves e Figueiredo, 2015) e Ferro do Paço (Reis, 2013, pp. 15-16; Luis, 2023, pp. 210-211), Chao de Sanmartín en Asturias (Villa, 2013) ou Yecla de Yeltes en Salamanca (Martín, 1983), (fig. 8). Tamén no nordeste da Península atopamos expresións semellantes en Torre Cremada en Teruel (Royo *et al.*, 2006) ou na necrópole de La Custodia en Navarra (Jusue e Tabar, 1995, pp. 84-85), aínda que existe algunha referencia máis por confirmar ou

11 <https://museo.depo.gal/coleccion/explora-a-coleccion/-/patrimonio/21638>

sen publicar. Fóra da Península Ibérica, podemos mencionar os gravados do *oppidum* de Les Caisses na Provenza, datados entre os séculos VIII e VII a.C. (Arcelín, 2000; Marcadall e Paillet, 2017).




Fig. 8. Gravados da Idade de Ferro en pedras exentas: de arriba a abaixo: Yecla de Yeltes, Crestelos (Silva *et al.*, 2016) e Ferro do Paço (<http://dafinitudedotempo.blogspot.com/>).

Estes casos mencionados caracterízanse por presentaren unha serie de gravados en pedras exentas localizadas en asentamentos fortificados da Idade de Ferro, cunha única excepción no caso do Ferro do Paço. Estas pedras aparecen formando parte de estruturas diversas, ben no lousado dun chan como é o caso do castro de Formigueiros, ben da muralla defensiva como en Ye-

cla de Yeltes e moi probablemente en Crestelos e Castelinho ou outro tipo de estruturas interpretadas como rituais ou funerarias, como no caso de Torre Cremada, La Custodia ou Les Caisses. Non obstante, nalgúns casos, tal e como puido acontecer coa pedra de Currais, os gravados foron trasladados para formar parte doutras estruturas arquitectónicas en aldeas próximas ao asentamento protohistórico.

Desde o punto de vista iconográfico, é evidente que o cabalo é a figura dominante, por veces acompañado de guerreiros, xinetes, cervos, labirintos, etc. Quizais tamén poderíamos incluír dentro deste conxunto os gravados de Coaña en Asturias (Villa, 2013), nunha pedra que forma parte do paramento dunha casa no interior da cal foron identificadas posibles evidencias de prácticas de incineración funeraria (García y Bellido, 1941), aínda que neste caso, ademais de diversos deseños xeométricos, os cervos substitúen os cabalos na composición.

Consideracións finais

Somos conscientes das limitacións inherentes á circunstancia de non ter acceso directo ao obxecto de estudo. Este traballo foi posible grazas a que se conservan varias fotografías e ás testemuñas orais dos que tiveron a oportunidade de contemplar a pedra de Currais. En calquera caso, pensamos que é posible propoñer varias consideracións á luz das características da Pedra e dos posibles paralelismos observados.

A pedra de Currais non parece ter pertencido a un panel dalgún petróglifo, tendo en conta que os deseños gravados non aparecen partidos, o que en principio indica que a peza foi decorada despois da súa extracción.

A iconografía pode ser encadrada dentro da tradición da Idade de Ferro, onde as escenas de monta a cabalo son moi frecuentes debido ao destacado carácter simbólico e social que adquire este cuadrúpede neste período.

As espadas representadas na pedra non permiten un encadramento cronolóxico concreto debido ao carácter simplificado da súa execución, mais o seu formato é compatible con diversas tipoloxías de espadas documentadas na Protohistoria.

Aínda que, desde o punto de vista estilístico, os gravados non presentan unha identidade clara, cabe destacar a forma en que son representados os rostros e especialmente os ollos. Esta forma de figurar a faciana dos personaxes ten paralelismos na escultura da Idade de Ferro, especialmente na tradición plástica galaica.

Tendo en conta os paralelismos mencionados e o contexto xeográfico da pedra de Currais, é posible que esta fose producida e empregada para formar parte dunha estrutura construtiva dalgún castro, tal como aconteceu noutros asentamentos da Idade de Ferro do norte da Península Ibérica.

Tendo en conta o antedito, podemos presentar a hipótese de que a pedra de Currais sería unha produción plástica da Idade de Ferro e que puido ter o seu contexto orixinal nalgún castro da contorna de Salcedo e que nalgún momento foi obxecto de traslado e reutilización para construír unha vivenda na aldea onde foi atopada en 1951.



Fig. 9. Mural na aldea de Salcedo, inspirado na pedra de Currais, obra do deseñador Juan Pablo Venditti.



Fig. 10. Debuxo de Anxo Rodríguez Paz (INCIPIT, CSIC).

Agradecementos

Á Comunidade de Montes de Salcedo. A Xabier Moure, investigador infatigable, pola súa xenerosidade ao partillar materiais e coñecementos. A Teddy López, Marisa Defente, María Castillo, Javier Castro, Sandra Alves, Marcelo Pedredo, Juan Pablo Venditti e Aitor Rodríguez. Aos habitantes das Laceiras, Fernan, Jara, Muki, Elías e as abellas da Roda do Castro.

O Instituto de História Contemporânea está financiado por fondos nacionais portugueses a través da FCT-Fundação para a Ciência e a Tecnologia, I.P. no eido dos proxectos UID/04209 e LA/P/0132/2020 (DOI 10.54499/LA/P/0132/2020) e ao INCIPIT-CSIC polo seu apoio.

Bibliografía

Albo, F. (2015). O misterio do petroglifo de Salcedo. *La Voz de Galicia*, edición Lemos. 19 de novembro de 2015.

Albo, F. (2025). Una valiosa pieza arqueológica que hoy solo se puede estudiar en fotos. Procedente de A Pobra do Brollón, está en paradero desconocido desde hace años. *La Voz de Galicia*, edición Lugo, 1 de abril de 2025.

Acuña Castroviejo, F. & García Martínez, M. C. (1968). O modorro de San Pedro (Incio, Lugo). *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 71, pp. 270-6.

Almagro Gorbea, M. & Torres, M. (1999). *Las fíbulas de jinete y de caballito. Aproximación a las élites ecuestres y su expansión en la Hispania céltica*. Zaragoza: Institución Fernando el Católico.

Alonso del Real, C. (1983). Notas etnográficas de O Courel. *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. t. 1, pp. 131-40.

Álvarez Núñez, A. (1995-96). Castro da Torre (Sobredo, O Caurel): informe de la intervención arqueológica de 1993. *Boletín del Museo Provincial de Lugo*. T. 7 (vol 2), pp. 9-32.

Anthony, D. W. & brown, D. R. (2007). The origins of horseback-riding. *Antiquity* 65, pp. 22-38.

Arcelin, P. (2000). *Expressions culturelles dans la Gaule méridionale du premier Âge du Fer. Mailhac et le Premier Âge du Fer en Europe Occidentale. Hommages à Odette et Jean Taffanel. Monographies d'Archéologie Méditerranéenne 7*. Lattes: Edité par Thierry Jannin, pp. 281-294.

Arizaga Castro, Á.; Fábrega Álvarez, P.; Ayán Vila, X. M. & Rodríguez Paz, A. (2006). A apropiación simbólica da cultura material castrexa na paisaxe cultura dos Chaos de Amoeiro (Ourense, Galicia). *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 119, pp. 87-129.

Armas Vázquez, L. (2010). El renacimiento de la peregrinación a Santiago. Elías Valiña Sampedro, el gran impulsor. *Lucensia: miscelánea de cultura e investigación*, 41, pp. 213-26.

Ayán Vila, X. M. (1997). *Aproximación á cultura castrexa e á romanización no concello da Pobra do Brollón (Lugo)*. Traballo academicamente dirixido. Santiago: USC.

Ayán Vila, X. M. (2012). *Casa, familia y comunidad en la Edad del Hierro del NW*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.

Ayán Vila, X. M. (2017). *Un oso de película*. Pregón do Entroido de Salcedo.

Ayán Vila, X. M. (2025). *Limpeza biótica e prospección xeofísica de A Roda do Castro (A Pobra do Brollón, Lugo)*. Memoria Técnica depositada na DXPC.

Calo Lourido, F. (1994). Manifestacións da plástica castrexa na provincia de Lugo. *Croa*, 4, pp. 10-11.

Castro Pérez, L. & Estévez Cruz, N. (2003). El relieve castreño de Formigueiros. *Minus*, 11, pp. 51-64.

Drews, R. (2004). *Early Riders. The Beginnings of Mounted Warfare in Asia and Europe*. London/New York: Routledge.

Farnié Lobensteiner, C. & Quesada Sanz, F. (2005). Espadas de hierro, grebas de bronce: símbolos de poder e instrumentos de guerra a comienzos de la Edad del Hierro en la Península Ibérica. *Monografías del Museo de Arte Ibérico de El Cigarrón 2*. Murcia.

Gago Mariño, M. (2021). Cando o lume viaxa no tempo. O incendio de Ribas de Sil desvela unha vista única da Roda do Castro, en Salcedo (A Pobra do Brollón). Portal do Consello da Cultura Galega. <https://culturagalega.gal/noticia.php?id=32887>

Gago Mariño, M. (2023). A porta que morreu parando un incendio. Portal do Consello da Cultura Galega. <https://culturagalega.gal/noticia.php?id=35544>

García y Bellido, A. (1941). "El Castro de Coaña (Asturias) y algunas notas sobre el posible origen de esta cultura", *Archivo Español de Arqueología*, XIV (42), pp. 118-217.

González Reboredo, X. M. (1971). Folklore dos castros do Incio. *Grial*, 31, pp. 21-29.

Guilaine, J. e Zammit, J. (2002). *El camino de la guerra. La violencia en la prehistoria*. Barcelona: Ariel.

Gurriarán, R. (2008). *Do “Gaudeamus Igitur ao venderemos nós”: as mobilizacións estudiantís do 68 en Compostela*. Santiago: Fundación 10 de Marzo.

Jusue, C. e Tabar, M.^a I. (1995). “Estelas funerarias en Navarra. Su evolución en el tiempo”. *Actas del VI Congreso Internacional de Estelas Funerarias, Tomo I. Cuadernos de Etnología y Etnografía de Navarra XXVII*, pp. 65, 77-106. Pamplona.

López Cuevillas, F. & Fraguas Fraguas, A. (1955). Los castros de la tierra del Saviñao. *Actas del III Congreso Nacional de Arqueología (Galicia, 1953)*. Zaragoza. Edición de la Sección de Arqueología de la Institución Fernando el Católico y la Secretaría General de los Congresos Nacionales, pp. 273-332.

López González, L. F. (1993). *Caurel-Valle de Quiroga. Estructura social y territorio*. Tese de Licenciatura inédita. Madrid. Universidade Complutense.

López González, L. F. (2021). *Castros y territorio: evolución del poblamiento castreño y de los procesos de territorialización en la sierra oriental gallega y sector meridional lucense*. Tese de doutoramento. Universidade Complutense de Madrid.

Luís, L. (2023). Primeiro inventário figurativo da arte rupestre da Idade do Ferro entre o Côa e o Douro. En D. Correia & A. Santos (Eds.), *Por este rio acima: A arte pré e proto-histórica do Vale do Côa: Estudos em homenagem a António Fernando Barbosa*. Vila Nova de Foz Côa: Côa Parque, Fundación para a Salvaguarda e Valorización do Vale do Côa, pp. 181-265.

Luzón, J. M.^a; Sánchez-Palencia, F. J.; Acuña, F., Alonso, C.; Arias, F.; Caamaño, J. M.; Rodríguez, A., Sierra, J. C. & Vázquez, J. M. (1980). *El Coure! Excavaciones Arqueológicas en España*. n.º 110. *Excavaciones Arqueológicas en España*. Madrid: Ministerio de Cultura.

Marcadal, Y. & Paillet J.-M. (2017). Défendre un oppidum en Provence. Les Caisses de Jean-Jean à Mouriès (VI-I siècle av. J.-C.). Paris, Éditions Errance. BIAMA 22.

Martín Valls, R. (1983). Las insculturas del castro salmantino de Yecla de Yeltes y sus relaciones con los petroglifos gallegos. *Actas del coloquio Internacional sobre Arte Rupestre Esquemático de la Península Ibérica. Zephyrus XXXVI*, pp. 217-231.

Martínez Sánchez, R. M. (2008). La estela de El Carpio (Córdoba); avance a una nueva manifestación simbólica del Bronce Final en la vega media del Guadalquivir. *Anales de Arqueología Cordobesa*, 19, pp. 11-22.

Meijide Cameselle, G. & Vilaseco Vázquez, I. (2009). Lousas decoradas con círculos, cabalos e peixes do castro de Formigueiros (Samos, Lugo). *Gallaecia*, 28, pp. 113-130.

Mora Mesa, C. (2014). *Guadalmaz, de manantial a río: un paseo por su historia*. Ciudad Real: Diputación Provincial de Ciudad Real.

Neves, D. e Soares de Figueiredo, S. (2015). Quinzentas placas gravadas da Idade do Ferro do sitio fortificado do Castelinho (Nordeste Portugal): temas figurados e padrões de distribuição. *Arkeos* 37, pp. 1589-1605.

Paulos Bravo, R. & Ayán Vila, X. N. (2024). O círculo de Vilarello (A Pobra do Brollón): unha fortificación do Bronce Final ou algo máis? En Xornada *As rodas do Bronce Final en Galicia: entre os mortos e os vivos* (Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2024).

Pereira-Martínez, X., Méndez-Quintas, E. & Prieto Martínez, P. (2022). Los grabados de cuadrúpedos en el arte Atlántico. Distribución y análisis estilístico. *Estudios do Quaternário*, 21, APEQ, pp. 24-44

Royo Guillén, J. I. (2005). Las representaciones de caballos y de élites ecuestres en el arte rupestre de la Edad del Hierro de la Península Ibérica. *Cuadernos de Arte Rupestre*, 2, pp. 157-200.

Royo Guillén, J. I. (2005). El arte rupestre de la Edad del Hierro de la Península Ibérica y su problemática: aproximación a sus tipos, contexto cronológico y significación. *Saldvie*, 9, pp. 37-69.

Reis, M. (2013). Mil rochas e tal...!: Inventário dos sítios da arte rupestre do Vale do Côa. *Portvgalia*, Nova Série, vol. 34, DCTP-FLUP, pp.17-59.

Royo, J. I.; Gómez, F. & Benavente, J. A. (2006). La estela grabada de la Edad del Hierro de Torre Cremada (Valdeltormo, Teruel). En: Moret, P. & Benavente, J. A. (Coords.), “El yacimiento de Torre Cremada (Valdeltormo, Teruel)”. *Al-Qannis*.11: 88-105.

Sánchez-Palencia, F. J., Orejas, A. & Sastre, I. (2002). Los castros y la ocupación romana en zonas mineras del Noroeste de la Península Ibérica. En: M. Blas-Cortina e A. Villa-Valdés (Eds.): *Los poblados fortificados del noroeste del Península Ibérica: formación y desarrollo de la cultura castreña*. Navia, pp. 241-259.

Santos-Estévez, M. (2015). Ciervos y caballos en el arte rupestre atlántico: una interpretación etnoarqueológica. Actas IFRAO 2015. (H. Collado Giraldo e J. García Arranz). Ed. *ARKEOS* 3, pp. 2613-2629.

Santos, F., Sastre, J., Soares de Figueiredo, F., Rocha, F., Pinheiro, E. e Dias, R. (2012). El sitio fortificado de Castelinho (Felgar, Torre de Moncorvo, Portugal). Estudio preliminar de su diacronía y las plaquetas de piedra con grabados de la Edad del Hierro. *Complutum* 23 (1), pp. 165-179.

Silva, A., Xavier, P. & Soares de Figueiredo, S. (2016). As gravuras rupestres de Crestelos (Tras-os-Montes, Portugal) e a sua longa diacronia desde a Idade do Ferro ao periodo Contempoâneo. En: Rebeca Cordeiro e Alia Vázquez (coords.), *Estudos de Arqueoloxía, Prehistoria e Historia Antiga*. Santiago de Compostela: Ed. Andavira, pp. 63-81.

Valiña Sampedro, E. *et al.* (1975). *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*. Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural.

Vázquez Varela, J. M. (1970). *Estudios de Antropología Cultural en la parroquia de San Félix de Donís. Sierra de Ancares*. Tese de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.

Villa Valdés, A. (2013). Grabados zoomorfos sobre pizarra y otros epígrafes inéditos en castros asturianos. *Sautuola*, XVI-XVII, pp. 97-112.